

## JOSEPH M. PIEL

Joseph M. Piel naceu en Mörchingen (Lorena) o 8 de xuño de 1903, pasando mais tarde á cidade de Tréveris, onde estudou o Bacharelato (1913-1922), e despois ás Universidades de Friburgo, Berlín e Bonn pra estudar Historia da Arte (co Prof. Clemen), Filoloxía Xermánica (tendo como mentor ó famoso indoxermanista Theodor Frings) e, especialmente, Filoloxía Románica.

En Bonn tivo ocasión de estudar varios anos co patriarca da Filoloxía Románica Wilhelm Meyer-Lübke e del aprendeu as mais rigurosas técnicas filolóxicas e o hábito do estudio dos textos medievais, da Antropo-toponimia, da Etimoloxía e da Dialectoloxía. Eran os tempos dourados da Filoloxía Románica en Alemaña e Piel soubo aproveita-lo maxisterio de Meyer-Lübke, realizando con el a tese de doutoramento sobre un dialecto galorrománico (*Die Mundart von Courtisols bei Châlons s. M.* Diss. Bonn 1929).

Nos seus anos de estudante adquiriu unha formación profunda e ampla, que despois soubo aplicar en tódolos seus traballos. Non lle gustaron nunca as especulacións sobre a lingua, sempre estivo atento a recoller tódolos elementos que podían axudar a resolver ou clarifica-los problemas plantexados.

Piel entrou axiña en contacto co mundo galego-portugués, pois xa ós 23 anos visitou Portugal, sendo tres anos despois profesor axudante da Facultade de Letras de Coimbra e en 1938 Catedrático desa mesma Universidade, ocupando a cátedra deixada pola famosa investigadora Carolina Michäelis de Vasconcelos. En Coimbra fixérono Dr. Honoris Causa en 1951 e alí ensinou astra que en 1953 foi nomeado Catedrático de Filoloxía Románica da Universidade de Colonia. Nesta cidade alemá permaneceu en activo astra o ano 1968, en que se xubilou, volvendo despois a Portugal pra ocupar un posto de Catedrático Extraordinario na Universidade de Lisboa, baixo condicións especiais, e adicarse ó mesmo tempo a varios proxectos de investigación. No Semestre de inverno 1978-1979 aceptou o posto de Profesor Extraordinario da Universidade de Tréveris, cidade á que sempre estivo vencellado, e no ano 1979 concedéronlle o título de Catedrático Honorario desa Universidade. Pouco despois era a nosa Universidade de Santiago a que lle concedía o título de Dr. Honoris Causa, celebrándose a cerimonia en xaneiro do presente ano.

Nos seus mais de 50 anos de investigador, Piel alternou a súa estadía entre Portugal e Alemaña, facendo numerosos viaxes a outros países pra asistir a Congresos Internacionais (de Toponimia, Ciencias Onomásticas, Lexicografía, Estudos Luso-Brasileiros, Historia Medieval, Estudos Clásicos ou Filoloxía Románica) ou dar conferencias, contándose entre os lugares que visitou a cidade de Santiago, onde falou na Facultade de Fi-

loloxía sobre problemas de Filoloxía Galega. No ano 1953 tamén estivo un semestre como Profesor convidado na Universidade de Bahía e outro semestre na de Brasilia.

Desde comenzou a publicar traballos de investigación, Piel realizou un inxente labor científico, sendo xa mais de 250 o número de publicacións, entre libros, artigos, colaboracións en Misceláneas e Homenaxes e recensións.

O contacto permanente co Oeste da Península fixo que, desde a presentación da súa tese de doutoramento sobre a fala de Courtisols, axiña se preocupase pola investigación lingüística do Occidente, comezando a súa longa serie de traballos con estudos sobre problemas lingüísticos e etimolóxicos do portugués. Interesáronlle os problemas fonéticos e morfolóxicos, estudiando o vocalismo do mirandés (1930), a evolución dos grupos consonánticos con "l" en portugués e castelán (1931), a vocalización do "l" en port. (1932), a metafonía portuguesa (1942), a formación dos sustantivos abstractos en port. (1940), a formación dos nomes de lugares e de instrumentos en port. (1940) e a flexión verbal do port. (1944).

Tamén comezou cedo a súa preocupación pola etimoloxía portuguesa (o primeiro traballo é de 1930), escribindo varios artigos nos que examinaba e ampliaba o *REW* de Meyer-Lübke (*Biblos* VIII (1932), 379-392; IX (1933), 244-262; X (1934), 124-140). Desde entón tivo interese por este tema e a el adicou unha boa parte da súa actividade, tratando de busca-la orixe de moitas palabras portuguesas e galegas. Moitos destes traballos foron despois recollidos na súa *Miscelânea de etimologia portuguesa e galega* (Coimbra 1953), un volume de 392 páx. Despois desta data seguiu a publicar traballos etimolóxicos, mais de 30, cos que se pode facer unha segunda Miscelânea e é de desexar que saia como un Anexo de *Verba* nun futuro inmediato.

Por outra banda, en 1933 comezou a publicar no *BF* de Lisboa unha serie de traballos sobre un tema que lle deu verdadeira fama. Trátase do estudo do elemento xermánico na toponimia galego-portuguesa (e tamén na do resto da Península). En 2 volumes publicou *Os nomes germánicos na toponimia portuguesa* (Lisboa 1936 e 1945) e despois seguiu completando o tema con novos traballos de antroponimia astra chegar á publicación do seu maxistral *Hispano-gotisches Namenbuch* (Heidelberg 1976), en colaboración con Dieter Kremer. Neste libro Piel presenta un estudo completo de tódolos nomes de orixe xermánica, cunha ampla introducción na que fai referencia ó proceso histórico da xermanización, especialmente no NO. Nesta faceta o profesor alemán é considerado como un grande mestre e por esta razón lle encomendaron a redacción dos capítulos de *Antroponimia xermánica* e de *Toponimia xermánica* da *ELH* (1959).

Piel esforzouse por interpretar axeitadamente os nomes actuais e os antigos, aproveitando os materiais conservados nos documentos medievais, e non se conformou só cos nomes de lugar ou de persoa de orixe xermánica, senón que estendeu tamén as súas investigacións ós que teñen orixe no

latín. Así foron aparecendo unha boa morea de artigos ou libros, como os que dedicou ós topónimos galego-portugueses de orixe latina (1937), ó patrimonio visigodo da lingua portuguesa (1942), ó herdo lingüístico visigodo en España e Portugal (1943), ós nomes de lugar referentes ó relevo e ó aspecto xeral do chan (1947), ós *Nomes de "possessores" latino-cristãos na toponímia asturo-galego-portuguesa* (Coimbra 1948, 185 páxs.), ás augas no top. galego-portuguesa (1947), a *Os nomes dos santos tradicionais hispánicos na toponímia peninsular* (Coimbra 1950, 110 páxs.), ós nomes da "quercus" na top. penins. (1951), ós nomes dos santos primitivos de orixe hispánica na top. penins. (1951), a algúns nomes de persoa luso-visigodos derivados de nomes de animais (1953), ós nomes visigodos de propietarios na top. galega (1954), ó florecemento e decadencia dos nomes de persoa hispano-visigodos (1954), ós antropónimos mais antigos de Cataluña e á súa relación cos casteláns e portugueses (1955), á formación dos nomes de muller medievais hispanovisigodos (1956), ós nomes étnico-xeográficos e as alcuñas colectivas (1956), ós caracteres xerais da top. das ilhas portuguesas do Atlántico (1959), a "Aureus" na top. hispana (1961), ós topónimos do concello galego de Fonsagrada (1961), ós apelidos do tipo patronímico en *-ici/-es* (1962-1963), ó lat. *illinc*, *\*illince* na top. do NO (1963), ós nomes de animais da top. hispánica, espec. port. (1966 e 1967), á fitotoponimia esp. e port. (1968), ó problema das relacións entre os Suebos e os Visigodos (1971), a algúns fragmentos de top. galega oriunda de nomes latinos de señoríos rurais medievos (1975), ós vestixios da onomástica persoal visigoda medieval na top. menor das terras de Bragança (1975), ás consideracións xerais sobre top. e antrop. galegas (1979), á orixe do nome Cataluña (1980), ou mesmo observacións á estrutura interna dos préstamos árabes en port. (1972).

A estes traballos podemos engadir moitos mais nos que estudia algúns topónimos ou nomes particulares, como Espiunca e Podame (1939), o nome do bispo Nausto e os topónimos Nouche, Nostián e Nostim (1947), a fregresía de Mafamude (1951), Sobrado (1952), Cotovela, Penaguião, Goyán, etc. (1952), Mortágua (1960 e 1964), Pecene, Pessenim e Villapeceñil (1961), Graña (1961), Castromil, etc. (1962), Frómista e Odoario (1962-1963), Pancorvo (1965), Compostela (1965), Uimara (1968), Febros (1968), Paço e Milhafre (1971), Sá (1973), Groba (1974), Rosén (1975), Mánduas (1975), Mouquim (1976), Conimbriga, Condeixa e Alcábidique (1977), Becerreá, etc. (1978 e 1979) e outros moitos.

E non remata aquí o seu interés polo galego e polo portugués. Ás veces tamén lle adicou un traballo especial a algúns sufixos, como ó suf. *-ellus*, *-ella* no onomástico tardío hispano-latino (1948-1949), á terminación *-endo* (*-indo*), *-enda* na fito-toponimia galego-port. (1962), ou ó suf. *-én/-ém* (1976-1977). E tamén se ocupou de temas histórico-literarios, como o texto da *Demanda do Santo Graal* (1945), a lingua de Gil Vicente (1938 e 1974-1975), a "cantiga da garvaia" (1948), unha cantiga de escarño de Afonso X (1969), onomástica trovadoresca (1976) ou a tese exposta hai pouco sobre as "jarchas" e as cantigas de amigo (1980).

A súa curiosidade levouno tamén a falar de algúns aspectos da renovación e innovación lexicais no port. do Brasil (1964-1965), dos nomes populares do paspallás (1949) ou sobre a tese de A. Castro da "non hispanidade" dos visigodos (1957). O noso P. Sarmiento prestoulle varias veces a atención, falando da súa vida e obra (1955-1956), do centenario do "Onomástico" (1969) e do peixe *reo* (1976).

Xunto a todos estes traballos hai que destacar aínda, e con moito, as edicións que fixo de textos medievais portugueses, con notas, introducción e, ás veces, un pequeno glosario coas palabras ou acepcións mais extrañas. Estas edicións son hoxe xa pezas cobizadas dos bibliófilos pola súa valía e polo feito de estaren esgotadas. Refírome ós libros *Leal Conselheiro o qual fez Dom Eduarte Rey de Portugal e do Algarve e Senhor de Cepta* (Lisboa 1942), *Livro da ensinança de bem cavalgar toda sela que fez el-Rey Dom Eduarte de Portugal e do Algarve e Senhor de Ceuta* (Lisboa 1944) e o *Livro dos Oficios de Marco Tullio Ciceram, o qual tornou em linguagem o Ifante D. Pedro, duque de Coimbra* (Coimbra 1948). E mesmo nos últimos anos estivo traballando na edición dun dos *Livros de Linhagens*.

Lembrems aínda que, debido ós seus extraordinarios coñecementos sobre a formación das palabras, a Editorial Carl Winter de Heidelberg lle encomendou a preparación do 2º volume da Gramática Histórica Francesa de Meyer-Lübke, esgotada había tempo, que el enriqueceu e mellorou notabelmente (W. Meyer-Lübke, *Historische Grammatik der französischen Sprache*. Zweiter Teil: *Wortbildungslehre*. Zweite, durchgesehene und ergänzte Auflage von Joseph M. Piel. Heidelberg 1966). E non debemos esquecer que a Academia das Ciencias de Lisboa, da que é membro, lle encomendou a dirección do Dicionario, na parte etimolóxica e na parte da introducción que trata da formación de palabras e das orixes e estruturación do léxico portugués (*Dicionário da Língua Portuguesa*. Vol. I, A-azuvete, Lisboa 1976).

A todo isto hai que engadir aínda outra faceta de Piel, que é a súa condición de mestre. Sempre foi unha persoa sinxela, acollidora, que levou constantemente da man ós seus discípulos, preocupándose arreo dos seus traballos. Foron moitos os profesores do ensino secundario que receberam del a preparación mais especializada pra supera-las probas de ingreso nos Institutos. Outros moitos fixeron con el teses de doutoramento, algúns sobre tema galego, pra chegaren despois a profesores universitarios. Entre os seus discípulos hoxe catedráticos de Universidade podemos lembrar a W. Mettmann (o autor da edición das *Cantigas de Santa María*), Wolf-Dieter Lange (que editou xa unha nota sobre a vida e obra de Piel en *AEM* VI (1969), 641-650, e é autor dun estudio sobre o léxico medieval galego e port.), Dieter Kremer (de quen xa falei en *Verba* 5 (1978), 443-444), Heinz Jürgen Wolf, Hans-Joseph Niederehe, Hans-Joachim Lope, Michael Nerlich, Wido Hempel e Manfred Lentzen. Moitos deles e outros amigos e admiradores colaboraron no tomo homenaxe *Philologische Studien für Joseph M. Piel*. Herausgegeben von Wolf-Dieter Lange und Heinz Jürgen Wolf. Heidelberg 1969.

Son moitas as publicacións de Piel e nunha boa parte delas está presente a lingua galega. El deuna a coñecer en Alemaña e fixo que algún dos seus discípulos se preocupase por ela e a estudiase. Por eso a Universidade de Santiago e, especialmente, a Facultade de Filoloxía lle recompensaron a súa preocupación polo galego facéndoo Dr. Honoris Causa en 1980.

R. LORENZO

